Traralba 29-XII-1966

Sr. Dn. Ricardo Carballo Calero

Lugo

Meu querido e admirado amigo: Fingoy siñifica unha rica xor-
nada na pelingrinaxe cerne da Galiza. Recendos de baril carballeira
nova, renovos da torgueira ensoando a patriarcalidade das trabes,
mañáns decorando de xiadas conceptuales e novo salaiar de reguei-
ros as ialmas ainda temerosas da noite, un xoven mestre cada día
na praia da cadeira namorado do novo xogar das ondas, a cidade
lei latina xogando a rexa no verde devalar humorista e traixic.
o zenro xornaleiro dos orixenes.. Si, unha abadía, non a de Ra-
belais prispiceira e riseira, millor unha da Armorica, de Wales
ou galega debullando en cada verbo un froito do pomar de Deus
e no xiro da esfera a lei e canon das boas almas. Eu ainda
recordo paisano en cara fronte o zodiaco impurriña suas formu-
las latexantes e todo o mundo era un ofrecimento de simbo-
los pra quen os poidera desfechar.. Ben logo Compostela ca ma
probática piscina de soedás e aquil gozo do agromar das pedras
e as tornavoltas da marea das noites e das vidas. Algus
anos alentoume a min o agasallo da veller mensurada
polo relox de sol do Pico Sacro. Non foi. Elo me produz terían
tristura e o tempo me mantén mais achegado a cidade ma-

AC 112 1187

xinado. Na aldea as primeiras follas outonizas e o cuco novo
teñen cortesías pra min e na cidade refuxiado con meus li-
bros e meus cánsos pardefs de recordos no mesmo recanto onde fi-
nou miña nai, sou ditoso exercitando as probas da soedade.
As veces sofro; pro é un sofrimento de home. A fogueira do meu
lar pide, roga, manda, brazadas de leña de recordos e pra un ma-
tela esgotadas as carballeiras e os infolios terei que lle bo-
tar o cansado corpo e o corazón. Quizais sexa iso o para-
mento dos vellos. Tamén nos desexamos pra Vdes ben calmas e
ledas festas e un 67 ben inzado dos froitos de sabidencia a
que nos tén afeitos. Con saúdos entrañables de Fita.
e admirador de sempre
E pra Vde apertas do amigo

Ramón Otero Pedrayo